


Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA GT3000E RCG	Documento 36013I01JL	
Código de verificación  202H 6P5G 6Y21 1M6I 0266	Expediente 360/2019/2483	
	Data 02-10-2019	

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Informe Proposta á Xunta de Goberno Local

O presente expediente ten por obxecto a modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación, para o exercicio 2020

De acordo co anterior a Alcaldía elaborou a Memoria que resume as principais modificacións así como un documento Anexo co texto modificado. Polo tanto, propóñense modificacións que non van supoñer un incremento de tarifa na Ordenanza nº11.

Normativa de Aplicación. A normativa de aplicación en relación co asunto de referencia é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LGT).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (Lei de Transparencia).
- Regulamento do Órgano para a Resolución das Reclamacións Económico Administrativas.

Potestade regulamentaria. De acordo co establecido no artigo 4.1c) e d) de LBRL corresponde aos Municipios, na súa calidade de Administracións Públicas Territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, as Potestades Regulamentaria e Tributaria.

A Potestade Regulamentaria en materia tributaria, tal e como regula o artigo 106.2 da mesma norma, exerceuse a través de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos

El presente expediente tiene por objeto la modificación de la Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora de la tasa por otorgamiento de licencia de primera ocupación, para el ejercicio 2020.

De acuerdo con lo anterior la Alcaldía elaboró la Memoria que resume las principales modificaciones así como un documento Anexo con los textos modificados. Por lo tanto, se proponen modificaciones que no van a suponer un incremento de tarifa en la Ordenanza nº 11.

Normativa de Aplicación. La normativa de aplicación en relación con el asunto de referencia es la siguiente:

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (LBRL).
- Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria (LGT).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL).
- Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno (Ley de Transparencia).
- Reglamento del Órgano para la Resolución de las Reclamaciones Económico Administrativas.

Potestad reglamentaria. De acuerdo con lo establecido en el artículo 4.1c) y d) de LBRL corresponde a los Municipios, en su calidad de Administraciones Públicas Territoriales, y dentro de la esfera de sus competencias, las Potestades Reglamentaria y Tributaria.

La Potestad Reglamentaria en materia tributaria, tal y como regula el artículo 106.2 de la misma norma, se ejerce a través de ordenanzas fiscales reguladoras de

propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. No mesmo sentido pronúnciase o artigo 15.3 do TRLRHL.

Polo que se refire á modificación da Ordenanza Fiscal, obxecto deste expediente, o artigo 16.1 do TRLRHL establece que *os acordos de modificación das devanditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.*

Contía das taxas. Polo que se refire á determinación da contía da taxa que é obxecto de modificación debe cumprir co previsto nos artigos 24 e 25 do TRLRHL. No caso de taxas pola prestación de servizos ou pola realización dunha actividade non poderán exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida. As tarifas non sofren incremento, e polo tanto non se incorpora o informe técnico-económico.

Procedemento. En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do TRLRHL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse a exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia de Coruña. Durante este prazo, aqueles que teñan a condición de interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia de Coruña, sen que entren en vigor ata que leve a cabo dita publicación.

Doutra banda, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei de Transparencia, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias publicarán as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos, igualmente no apartado d) do mesmo artigo publicaranse os documentos que, conforme á lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de

tributos propios y de ordenanzas generales de gestión, recaudación e inspección. En el mismo sentido se pronuncia el artículo 15.3 del TRLRHL.

Por lo que se refiere a la modificación de la Ordenanza Fiscal, objeto de este expediente, el artículo 16.1 del TRLRHL establece que *los acuerdos de modificación de dichas ordenanzas deberán contener la nueva redacción de las normas afectadas y las fechas de su aprobación y del comienzo de su aplicación.*

Cuantía de las tasas. Por lo que se refiere a la determinación de la cuantía de la tasa que es objeto de modificación debe cumplir con el previsto en los artículos 24 y 25 del TRLRHL. En el caso de tasas por la prestación de servicios o por la realización de una actividad no podrán exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida. Las tarifas no sufren incremento, y por lo tanto no se incorpora el informe técnico - económico.

Procedimiento. En cuanto al procedimiento de aprobación es de aplicación lo previsto en los artículos 15 a 19 del TRLRHL. Los acuerdos provisionales de imposición y ordenación adoptados por la corporación se someterán a exposición pública en el tablón de anuncios del Ayuntamiento por un plazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente se publicarán los anuncios de exposición en el BOP y en un diario de los de mayor difusión de la provincia de A Coruña. Durante este plazo, aquellos que tengan la condición de interesados podrán examinar el expediente y presentar cuantas reclamaciones estimen oportunas.

Finalizado el período de exposición pública el Ayuntamiento adoptará el acuerdo que proceda, resolvendo las reclamaciones presentadas y aprobando la redacción definitiva de la Ordenanza. En aquellos casos en los que no se presentaron reclamaciones se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

En todo caso, los acuerdos definitivos, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia de Coruña, sin que entren en vigor hasta que se lleve a cabo dicha publicación.

Por otro lado, de acuerdo con lo establecido en el artículo 7 de la Ley de Transparencia, las Administraciones Públicas, en el ámbito de sus competencias publicarán las memorias e informes que conformen los expedientes de elaboración de los textos normativos, igualmente en el apartado d) del mismo artículo se publicarán los documentos que, conforme a la lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a

información pública durante a súa tramitación.

Competencia. En canto aos órganos competentes, corresponde á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal (art. 137.1 b LBRL e 2 b do Regulamento do TEAM), a aprobación dos proxectos de ordenanzas fiscais (art. 127.1. a) da LRBRL e art. 4.1 da OGG). Finalmente, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das ordenanzas fiscais (art. 123.1.d LBRL) co quórum esixido en art. 123.2 da LBRL.

EN CONSECUENCIA, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE, PREVIA DELIBERACIÓN E EXAME DO EXPEDIENTE, PROCEDA Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación, para o exercicio 2020, e a súa posterior remisión ao Pleno do Excmo. Concello para á súa aprobación provisional.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento
A xefa de servizo de Xestión Tributaria

M^a Rosario Carballo Gómez

Vº e Prace
O CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA
E REXIME INTERIOR

Jose Manuel Lage Tuñas

un período de información pública durante su tramitación.

Competencia. En cuanto a los órganos competentes, corresponde a la Junta de Gobierno Local, previo dictamen del Tribunal Económico Administrativo Municipal (art. 137.1 b LBRL y 2 b del Reglamento del TEAM), la aprobación de los proyectos de ordenanzas fiscales (art. 127.1. a) de la LRBRL y art. 4.1 de la OGG). Finalmente, corresponde al Pleno de la Corporación la aprobación de las ordenanzas fiscales (art. 123.1.d LBRL) con el quórum exigido en art. 123.2 de la LBRL.

EN CONSECUENCIA, SE PROPONE A LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL QUE, PREVIA DELIBERACIÓN Y EXAMEN DEL EXPEDIENTE, PROCEDA A LA ADOPCIÓN DEL SIGUIENTE ACUERDO:

Aprobar el proyecto de modificación de la Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora de la tasa por otorgamiento de licencia de primera ocupación, para el ejercicio 2020, y su posterior remisión al Pleno del Excmo. Ayuntamiento para su aprobación provisional.

Conforme
O DIRECTOR DE ECONOMÍA, FACENDA E
REXIME INTERIOR

Manuel Angel Jove Losada